



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015755	Rosalía de Castro	Santiago de Compostela	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT02	Axencias de viaxes e xestión de eventos	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0383	Destinos turísticos	2017/2018	8	213	255

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA NOVO IGLESIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este profesional exerce a súa actividade no sector turístico, entendido este no seu sentido máis amplo, o que inclúe calquera tipo de eventos, terminais de viaxeiros e empresas de transporte, ademais das áreas turísticas tradicionais, como destinos e puntos de información, entre outros. Ademais, está capacitado para a creación e a implantación de plans e actividades de desenvolvemento locais, en relación co mesmo sector. Trátase de persoal traballador por conta allea ou por conta propia, incluíndo a posibilidade de ocupar postos na Administración ou en entes de características similares (consorcios, padroados, etc.).

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Guía local.

Guía acompañante.

Guía en lugares onde se localicen bens de interese cultural.

Informador/ora turístico/a.

Xefe/a de oficinas de información.

Promotor/ora turístico/a.

Técnico/a de empresa de consultoría turística.

Axente de desenvolvemento turístico local.

Asistente en medios de transporte terrestre ou marítimo.

Asistente en terminais (estacións, portos e aeroportos).

Encargado/a de facturación en terminais de transporte.

Asistente en feiras, congresos e convencións.

Encargado/a de servizos en eventos.

O turístico é un sector fundamental e puxante na economía española, cun crecemento constante, que proporciona emprego a máis de dous millóns e medio de persoas. Son precisamente as actividades relacionadas co transporte e as viaxes, así como outras actividades turísticas (que abranguen as actividades deportivas, culturais e de información), algunhas das que rexistran maiores crecementos no relativo ao persoal contratado e ao desenvolvemento de ocupacións relacionadas.

España pasou de ser un destino vacacional tradicional (área na que xorden numerosos competidores, como o resto de países mediterráneos), a ser un destacado destino de feiras, congresos e convencións a nivel mundial. Neste subsector, chamado xenericamente de eventos, o valor engadido das actividades é maior que no turismo en xeral, como tamén o é a exigencia de profesionais cualificados e con grande capacidade de innovación, coordinación de tarefas e orientación á calidade. Unha das exigencias nestas tarefas é a demanda de guías con capacidade de comunicación en múltiples contextos, e cun coñecemento profundo dos lugares onde traballan.

Polo que se refire ao transporte, xurdiu unha multitude de servizos complementarios derivados do grande investimento e da mellora das infraestruturas das terminais de estacións de ferrocarril, portos e aeroportos. Nestes servizos poténcianse de xeito notable ocupacións relacionadas coa atención a persoas pasaxeiros, para o que se precisan profesionais polivalentes e con formación adecuada en áreas de asistencia, idiomas, etc. Cómpre facer notar que, ata o de agora, estes traballos non contaban con formación oficial específica.

Tamén, cómpre sinalar que outra nova área de expansión do sector é o desenvolvemento local con base no turismo. Esta actividade está a servir de motor económico para moitas zonas de España e implica multitude de tarefas relacionadas coa planificación e a dinamización de contornos a partir de recursos naturais e socioculturais desas zonas. Para isto, precísanse profesionais con coñecementos específicos para localizar, coordinar e mobilizar medios de moi diversa índole.

Por outra parte, o Instituto Rosalía de Castro atópase no casco antigo da cidade de Santiago de Compostela. A cidade de Santiago é a capital da



Comunidade Autónoma de Galicia, a súa cidade vella está declarada patrimonio da humanidade dende 1.985, e destaca polo seu gran valor cultural, artístico e relixioso, recibindo un total de 576. 536 viaxeiros no ano 2013 segundo o INE. Destes case o 45 por cento proceden do extranxeiro. Estes datos ofrecénnos unha idea da importancia do turismo en Santiago que conta con aeroporto internacional, pazo de congresos, máis de 5.500 prazas hoteleiras e numerosas empresas relacionadas co sector.

Destacan as seguintes empresas onde o noso alumnado podería realizar o módulo de Formación en centros de traballo (FCT): Oficina de turismo de Santiago, Oficina de turismo de Porto y norte de Portugal, Oficina del peregrino, Asociación profesional de guías turísticos de Galicia, Artnatura Galicia, Museo do Pobo Galego, Universidad de Santiago de Compostela (Colegio Fonseca e CETUR), Axencia turismo Galicia (IET), Centro socio-cultural de Vite e Fontiñas, Intercruises, hotel AC Palacio del Carmen, hotel NH Obradoiro, hotel A Quinta da Auga, hotel GH Santiago, hotel Pazo de Altamira, hotel Tryp Santiago, entre outras.

Este módulo profesional é de soporte, e contén formación necesaria para desempeñar a función de información e asesoramento.

As funcións de asesoramento e información turística abranguen aspectos como:

- Compilación e análise de información sobre recursos e oferta dos destinos turísticos antes do inicio da viaxe.
- Información e asesoramento a turistas en visitas e viaxes.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse no servizo de asistencia e guía en viaxes e no destino.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais:

- a) Analizar e interpretar diferentes fontes, seleccionando a información sobre a oferta turística do contorno e as axudas institucionais para estudar o potencial das diferentes áreas territoriais e do mercado turístico da zona.
- b) Realizar procesos de investigación de mercados turísticos, interpretando cada fase para deseñar e modificar produtos turísticos de base territorial rendibles e de calidade.
- d) Identificar e seleccionar información turística analizando as fontes, os medios, o nivel e os procedementos máis adecuados, para asesorar e informar turistas en puntos de información, en viaxes ou no destino, empregando polo menos o inglés e outro idioma estranxeiro.
- e) Identificar e seleccionar estratexias de comunicación, e analizar a súa adecuación a cada tipo de servizo, para asistir e guiar persoas viaxeiras nas viaxes, nos traslados ou nas visitas, empregando polo menos o inglés e outro idioma estranxeiro.
- f) Recoñecer e valorar o patrimonio natural e cultural, analizando as súas peculiaridades, para informar e conducir turistas e persoas viaxeiras.
- k) Caracterizar aplicacións informáticas e de xestión, así como as TIC, e recoñecer a súa utilidade para incrementar a eficacia dos servizos prestados.
- n) Valorar as actividades de traballo nos procesos de prestación dos servizos de guía, información e asistencia turísticas, identificando a súa achega ao proceso global de prestación do servizo, para conseguir os obxectivos previamente identificados.
- o) Recoñecer e identificar posibilidades de mellora profesional, reunindo información e adquirindo coñecementos para a innovación e a actualización no ámbito do traballo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais:

- a) Estudar o potencial das áreas territoriais e do mercado turístico da zona, e detectar as axudas institucionais, analizando a información necesaria, para a súa promoción como destino.
- b) Deseñar e modificar os produtos turísticos de base territorial para satisfacer as expectativas da demanda turística, e rendibilizar os recursos e a oferta de servizos do contorno.
- d) Asesorar e informar turistas tanto en puntos de información como en viaxe ou no destino, tendo en conta as normas de protocolo básicas e empregando os medios técnicos máis adecuados en función de cada cliente, para lograr unha prestación de servizo satisfactoria e a fidelización das persoas visitantes.
- e) Guiar e asistir persoas viaxeiras durante as viaxes, nos traslados ou nas visitas, empregando as estratexias de comunicación, para conseguir a súa satisfacción.



As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Análise da especialización de diferentes tipos de destinos turísticos.
- Descrición dos elementos máis característicos do medio físico dos destinos, desde o enfoque da xeografía turística.
- Identificación dos destinos turísticos máis salientables, con análise da súa oferta, os seus recursos e as súas características máis salientables.
- Aplicación específica dos tres puntos anteriores á comunidade autónoma de Galicia.
- Actualización continua da información para a selección dos destinos máis salientables do mercado turístico.
- Uso dunha metodoloxía activa e motivadora que implique a participación do alumno como axente activo do proceso de ensino e aprendizaxe.
- Uso de TIC e de recursos bibliográficos e audiovisuais na aula.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Rasgos xeográficos da xeografía turística de Galicia	coñeceremos a importancia da xeografía turística para o coñecemento integral dos destinos turísticos galegos	46	18
2	Principais destinos turísticos de Galicia	coñeceremos os principais destinos turísticos de España segundo os distintos tipos de turismo cos que contamos	38	18
3	Rasgos xeográficos da xeografía turística de España	coñeceremos a importancia da xeografía turística para o coñecemento integral dos destinos turísticos españois (excepto Galicia)	46	18
4	Principais destinos turísticos de España	coñeceremos os principais destinos turísticos de España segundo os distintos tipos de turismo cos que contamos	45	18
5	Rasgos xeográficos da xeografía turística de Europa e do resto do mundo	coñeceremos a importancia da xeografía turística para o coñecemento integral dos destinos turísticos mundiais	35	14
6	Principais destinos turísticos de Europa e do resto do mundo	coñeceremos os principais destinos turísticos de Europa e o resto do mundo segundo os distintos tipos de turismo cos que se conta	45	14



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Rasgos xeográficos da xeografía turística de Galicia	46

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica a xeografía turística de Galicia, na que distingue a súa división administrativa e os seus principais trazados físicos e climáticos.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícase a organización territorial e administrativa de Galicia, e distínguense as súas comarcas máis representativas e os concellos turísticos máis destacables, así como a súa localización xeográfica.
CA2.2 Identifícanse e describíronse as características, as unidades físicas e os accidentes xeográficos máis salientables no relevo de Galicia.
CA2.3 Identifícanse os principais elementos característicos da hidrografía e do litoral.
CA2.4 Identifícanse e describíronse as paisaxes características e a vexetación autóctona, así como os principais espazos naturais protexidos.
CA2.5 Identifícanse e describíronse as características xerais do clima de Galicia.
CA2.6 Analízase a distribución da poboación en Galicia.
CA2.7 Identifícanse os materiais e as fontes para o estudo dos destinos turísticos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Organización territorial e administrativa: concepto de comarca e a súa identificación en Galicia.
Relevo: características e unidades físicas de Galicia.
Hidrografía e o litoral de Galicia.
Vexetación, paisaxes características e espazos naturais protexidos de Galicia.
O clima galego.
Demografía: distribución da poboación en Galicia.
Aplicacións informáticas e outras fontes para o estudo da xeografía turística de Galicia.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Principais destinos turísticos de Galicia	38

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Identifica os principais destinos turísticos de Galicia, e describe e valora os seus recursos e a súa oferta turística.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Localizáronse xeograficamente os principais destinos turísticos de Galicia.
CA5.2 Recoñecéronse os trazos diferenciais da oferta turística de Galicia.
CA5.3 Caracterizáronse os destinos turísticos galegos atendendo á súa especialización turística.
CA5.4 Identificáronse nos destinos os recursos culturais, naturais e doutro tipo.
CA5.5 Seleccionáronse os destinos máis salientables atendendo a factores de mercado.
CA5.6 Utilizáronse diversas fontes de información.

4.2.e) Contidos

Contidos
Destinos turísticos do litoral.
O Camiño de Santiago.
Destinos urbanos: principais cidades e vilas turísticas de Galicia.
Destinos de espazos lúdicos e de lecer: destinos asociados a festas de interese turístico.
Destinos asociados a ofertas turísticas específicas: termalismo, golf, turismo náutico, congresos e convencións, cruceiros, turismo activo, etc.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Rasgos xeográficos da xeografía turística de España	46

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica a xeografía turística de España, na que distingue a súa división administrativa e os aspectos máis salientables do seu relevo, da súa hidrografía e do seu clima.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de xeografía turística e a súa importancia para o coñecemento integral dos destinos.
CA1.2 Identifícase a organización territorial e administrativa de España, e distínguense as comunidades autónomas, as provincias e as comarcas máis representativas, e os concellos turísticos máis destacables, así como a súa localización xeográfica.
CA1.3 Identifícanse e describíronse as características, as unidades físicas e os accidentes xeográficos no relevo de España.
CA1.4 Identifícanse os principais elementos característicos da hidrografía e do litoral.
CA1.5 Identifícanse e describíronse as paisaxes características e a vexetación autóctona, así como os principais espazos naturais protexidos.
CA1.6 Identifícanse e describíronse as características xerais do clima de España.
CA1.7 Analízase a distribución da poboación en España.
CA1.8 Identifícanse os principais elementos característicos das culturas e dos pobos de España.
CA1.9 Valorouse a pluralidade de linguas, culturas, costumes, ritos e crenzas das comunidades autónomas españolas.
CA1.10 Identifícanse os materiais e as fontes para o estudo dos destinos turísticos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Concepto de xeografía turística: identificación.
Organización territorial e administrativa: concepto e identificación de autonomía, rexión, provincia, comarca e concello.
Relevo: características e unidades físicas.
Hidrografía e o litoral. Denominación turística das costas.
Vexetación, paisaxes características e espazos naturais.
Demografía: distribución da poboación.
Respecto polas crenzas, as linguas e os elementos diferenciais das comunidades autónomas.
Aplicacións informáticas e outras fontes para o estudo da xeografía turística.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Principais destinos turísticos de España	45

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Identifica os principais destinos turísticos de España, e describe e valora os seus recursos e súa oferta turística.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Localizáronse xeograficamente destinos turísticos.
CA4.2 Caracterizáronse os destinos turísticos españois atendendo á súa especialización turística.
CA4.3 Recoñeceuse a oferta turística máis salientable en cada tipo de destinos.
CA4.4 Identificáronse nos destinos os recursos culturais, naturais e doutro tipo.
CA4.5 Seleccionáronse os destinos máis destacables atendendo a factores comerciais, pola tendencia ou promocionais.
CA4.6 Identificouse a coincidencia de tipoloxías turísticas nun mesmo destino.
CA4.7 Utilizáronse diversas fontes de información.

4.4.e) Contidos

Contidos
Destinos españois de sol e praia: centros turísticos litorais peninsulares e insulares.
Destinos culturais: rutas culturais, enoloxía, festas, ritos e costumes.
Destinos urbanos: oferta turística nas cidades; concellos turísticos; congresos, negocios, reunións e incentivos.
Destinos rurais e de natureza.
Destinos de espazos lúdicos e de lecer.
Destinos deportivos (de golf, náuticos, ecuestres, de aventuras e de neve), de saúde e de beleza.
Grandes eventos nos destinos.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Rasgos xeográficos da xeografía turística de Europa e do resto do mundo	35

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica os principais elementos da xeografía turística de Europa e do resto do mundo, e recoñece a división política dos continentes e os seus estados, así como o relevo, a hidrografía e o clima.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense as funcións da Organización Mundial do Turismo (OMT) no contexto da división territorial dos países en rexións e subrexións.
CA3.2 Identifícanse e localízanse as rexións e as subrexións turísticas da OMT.
CA3.3 Analízase a organización política e territorial de Europa.
CA3.4 Identifícanse as principais unidades físicas de Europa.
CA3.5 Distingúense e localízanse xeograficamente os países comunitarios e os non comunitarios, así como os territorios dependentes de dentro e fóra de Europa.
CA3.6 Descríbense os elementos e as características máis salientables e representativas do relevo, a hidrografía e o litoral europeos.
CA3.7 Descríbense as unidades físicas, as paisaxes e a vexetación máis destacables, así como os principais espazos naturais protexidos e as características xerais do clima europeo.
CA3.8 Descríbense as características máis destacables do relevo, a hidrografía, a vexetación, o clima e a diversidade cultural do resto de rexións e subrexións do mundo.
CA3.9 Analízase as características máis sobresalientes das culturas e dos pobos de Europa.
CA3.10 Valorouse a pluralidade de linguas, culturas, costumes, ritos e crenzas de Europa.

4.5.e) Contidos

Contidos
Organización Internacional do Turismo (OMT): concepto e funcións. Rexións e subrexións.
Organización política e territorial de Europa: países comunitarios e non comunitarios, e os seus territorios dependentes dentro e fóra de Europa.
Unidades físicas europeas: relevo, hidrografía e litoral.
Vexetación, paisaxe, espazos naturais e climas europeos.
Diversidade cultural europea: culturas, pobos e linguas.
Xeografía turística do resto do mundo: trazos distintivos do relevo, a hidrografía, a vexetación, o clima e a diversidade cultural das rexións e das subrexións da OMT (agás Europa).
Actitude de respecto polas razas, as crenzas e os elementos diferenciadores destes países.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Principais destinos turísticos de Europa e do resto do mundo	45

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Identifica os principais destinos turísticos de Europa e do resto do mundo, e describe e valora os seus recursos e a súa oferta turística.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Localizáronse os principais destinos turísticos internacionais.
CA6.2 Caracterizáronse os destinos turísticos internacionais atendendo á súa especialización turística.
CA6.3 Recoñeceuse a oferta turística máis destacable en cada tipo de destino internacional.
CA6.4 Identificáronse nos destinos internacionais os recursos culturais, naturais e doutro tipo.
CA6.5 Seleccionáronse os destinos máis salientables atendendo a factores comerciais, pola tendencia ou promocionais.
CA6.6 Identificouse a coincidencia de tipoloxías turísticas nun mesmo destino.
CA6.7 Utilizáronse diversas fontes de información.

4.6.e) Contidos

Contidos
Destinos de sol e praia: centros turísticos litorais continentais e insulares.
Destinos culturais: rutas culturais; Patrimonio da Humanidade; gastronomía e enoloxía; festas, ritos e costumes.
Destinos urbanos: oferta turística nas cidades (negocios, reunións, congresos e incentivos).
Destinos rurais e de natureza.
Destinos de espazos lúdicos e de lecer.
Destinos deportivos (de golf, náuticos, ecuestres, de aventuras e de neve), de saúde e de beleza.
Grandes eventos nos destinos.



5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva:

UD 1: Rasgos xeográficos da xeografía turística de Galicia

CA2.1. Identificouse a organización territorial e administrativa de Galicia, e distinguíronse as súas comarcas máis representativas e os concellos turísticos máis destacables, así como a súa localización xeográfica.

CA2.2. Identificáronse e describíronse as características, as unidades físicas e os accidentes xeográficos máis salientables no relevo de Galicia.

CA2.3. Identificáronse os principais elementos característicos da hidrografía e do litoral.

CA2.4. Identificáronse e describíronse as paisaxes características e a vexetación autóctona, así como os principais espazos naturais protexidos.

CA2.5. Identificáronse e describíronse as características xerais do clima de Galicia.

UD 2: Principais destinos turísticos de Galicia.

CA5.1. Localizáronse xeograficamente os principais destinos turísticos de Galicia.

CA5.2. Recoñecéronse os trazos diferenciais da oferta turística de Galicia.

CA5.3. Caracterizáronse os destinos turísticos galegos atendendo á súa especialización turística.

CA5.4. Identificáronse nos destinos os recursos culturais, naturais e doutro tipo.

UD 3: Rasgos xeográficos da xeografía turística de España

CA1.2. Identificouse a organización territorial e administrativa de España, e distinguíronse as comunidades autónomas, as provincias e as comarcas máis representativas, e os concellos turísticos máis destacables, así como a súa localización xeográfica.

CA1.3. Identificáronse e describíronse as características, as unidades físicas e os accidentes xeográficos no relevo de España.

CA1.4. Identificáronse os principais elementos característicos da hidrografía e do litoral.

CA1.5. Identificáronse e describíronse as paisaxes características e a vexetación autóctona, así como os principais espazos naturais protexidos.

CA1.6. Identificáronse e describíronse as características xerais do clima de España.

UD 4: Principais destinos turísticos de España

CA4.1. Localizáronse xeograficamente destinos turísticos.

CA4.2. Caracterizáronse os destinos turísticos españois atendendo á súa especialización turística.

CA4.3. Recoñeceuse a oferta turística máis salientable en cada tipo de destinos.

CA4.4. Identificáronse nos destinos os recursos culturais, naturais e doutro tipo.

UD 5: Rasgos xeográficos da xeografía turística de Europa e do resto do mundo.

CA3.4. Identificouse as principais unidades físicas de Europa.

CA3.5. Distinguíronse e localizáronse xeograficamente os países comunitarios e os non comunitarios, así como os territorios dependentes de dentro e fóra de Europa.

CA3.6. Describíronse os elementos e as características máis salientables e representativas do relevo, a hidrografía e o litoral europeos.

CA3.7. Describíronse as unidades físicas, as paisaxes e a vexetación máis destacables, así como os principais espazos naturais protexidos e as características xerais do clima europeo.

CA3.8. Describíronse as características máis destacables do relevo, a hidrografía, a vexetación, o clima e a diversidade cultural do resto de rexións e subrexións do mundo.

UD 6: Principais destinos turísticos de Europa e do resto do mundo

CA6.1. Localizáronse os principais destinos turísticos internacionais.

CA6.2. Caracterizáronse os destinos turísticos internacionais atendendo á súa especialización turística.



CA6.3. Recoñeceuse a oferta turística máis destacable en cada tipo de destino internacional.

CA6.4. Identificáronse nos destinos internacionais os recursos culturais, naturais e doutro tipo.

Criterios de cualificación:

Levarei a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado que me proporcionara información sobre a marcha do aprendizaxe. No caso de que éste non se consiga, poderei realizar as modificacións que considere necesarias e oportunas. A información que me aportará esta avaliación será o máis rica posible e non a reduciré á consideración dunha sola área (o rendimento), a unha sola técnica (as probas), a unha sola situación (a controlada) e a unha sola modalidade de avaliación (a sumativa).

O proceso de avaliación se realizará mediante:

- a observación na aula durante o seu traballo diario mediante a táboa de observación.
- os diversos traballos e exposicións que realizarán, tanto de maneira individual como en grupo.
- os diálogos co alumnado, o que me permitirá recoller información sobre a marcha da aprendizaxe.
- as probas específicas tanto de tipo escrito como de tipo oral.

Terase en conta a asistencia regular a clase e valorarase tamén a puntualidade. Observaránse os comportamentos e actitudes propias do sector tales como, hixiene persoal, trato e respecto polos compañeiros, profesorado e superiores xerárquicos, actitudes dialongantes e disposición á resolución de conflitos, flexibilidade segundo as situacións e disposición positiva de cara ao traballo, así como a iniciativa, a creatividade o interese e a participación do alumnado na aula. No caso de que algún alumno/a non respondese positivamente a estes requerimentos, a profesora tomará nota e realizará un informe coas oportunas anotacións onde se reflectan o tipo de infraccións cometidas polo alumnado implicado.

En ningún caso superará a avaliación aquel alumnado cuxo comportamento non se axuste as normas do Centro e/ou da aula.

Tendo en conta o anterior, os criterios de cualificación serán os seguintes:

¿ Mínimo unha proba escrita e/ou outra oral por avaliación parcial. No caso de realizarse máis dunha proba, cada unha delas terá unha nota mínima de 5 para poder facer a media aritmética. A media aritmética das notas obtidas terá que ser igual o superior a 5.

¿ Tarefas de avaliación: traballos, exercicios individuais e/ou en grupo, exposicións que se realizaran na aula e fora de ela, e que deberán ser entregadas na data acordada (salvo causa debidamente xustificada). Debendo demostrar o alumnado que interiorizou o que nesta programación se reflecta para cada U.D. de non ser así, o alumnado tená unha nota negativa. No caso de realizarse máis dunha tarefa de avaliación, cada unha delas terá unha nota mínima de 5 para poder facer media aritmética. A media aritmética de todas as notas obtidas terá que ser igual ao superior a 5.

A cualificación final da avaliación parcial se obterá mediante media aritmética de todas as notas das probas escritas e ou orais e das tarefas de avaliación recollidas durante a avaliación parcial, e da nota final das tarefas de avaliación, tendo que obter o alumnado a lo menos unha cualificación de 5.

A avaliación final do módulo profesional será a media aritméticas das notas correspondentes ás tres avaliacións parciais, no suposto de que todas elas estén superadas.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Terase en conta a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Artigo 29.2 "Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos do primeiro curso deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes"

Artigo 29.3. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos de primeiro curso.

Artigo 31.4. O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

A titora realizará un informe de avaliación individualizado en colaboración co resto do equipo docente. O informe de avaliación individualizado a que se refire o artigo 39 desta orde conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados polos alumnos e as alumnas, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe.

PROCEDEMENTO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

As actividades de recuperación realizaránse na aula, e determinarei o horario e a frecuencia das mesmas, así como a data de finalización. Se o alumnado non asistira a estas actividades de recuperación, non terá opción a recuperar o módulo neste período, atendendo aos mesmos criterios de perda de dereito a avaliación continua.

Para optar as proba escritas e/ou orais de recuperación, como requisito imprescindible e obrigatorio, o alumnado deberá ter entregado tódolos exercicios, actividades, supostos, traballos prácticos que o docente establecerá para cada unidade didáctica antes de facer as probas.

A docente poderá realizar máis dunha proba escrita e/ou orais, simulacións ou cuestionarios para avaliar os coñecementos teórico e prácticos de xeito individual ao alumnado.

Se considerará superado o módulo cando o alumnado obteña unha nota de 5 o superior a 5, en cada un dos apartado, tanto das probas escritas e/ou orais de recuperación como dos exercicios, actividades, supostos e traballos prácticos.

Si o alumnado non superase algunha das probas estará suspenso, aplicándose o disposto na lexislación vixente sobre criterios de promoción do alumnado.

Terase en conta a mellora do rendemento académico, esforzo e interese durante o período de recuperación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Terase en conta a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seus artigos 25.4 y 5.

O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.



O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Terase en conta ademais o establecido no punto terceiro da RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2017/2018.

1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas, consonte o anterior, nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. No caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

2. Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas, non se terán en consideración as sesións previas á formalización da matrícula.

3. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, e no caso do segundo curso do réxime ordinario non terá acceso ao módulo de Formación en centros de traballo no período ordinario.

A proba de avaliación extraordinaria terá lugar ao finalizar o período lectivo asignado a este módulo profesional, o alumnado será avaliado na convocatoria final ordinaria, comunicándosele o día e a hora para a súa presentación.

PROCEDEMENTO:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización dunha proba dividida en dúas partes:

PRIMEIRA PARTE. Terá carácter eliminatorio, e dicir, de non superar esta parte da proba o alumnado non terá dereito a presentarse á segunda parte da proba, e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional, cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Ademais, se a primeira parte da proba se subdividise en bloques, cada bloque terá o mesmo peso na cualificación, pero será de carácter obrigatorio obter unha puntuación mínima en cada un destes para poder obter a nota da primeira parte como suma das cualificación dos distintos bloques. No caso de que en algún bloque non estea calificado coa puntuación mínima, esta primeira parte da proba será calificada cun máximo de catro puntos. A calificación mínima de cada bloque, de ser o caso, será a metade da calificación do devandito bloque.

SEGUNDA PARTE. Deberá deseñarse cos criterios de avaliación do módulo relacionados cos coñecementos prácticos que deberá demostrar a persoa aspirante. Consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional, cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Ademais se a segunda parte da proba se subdividise en bloques, cada bloque terá o mesmo peso na cualificación pero será de carácter obrigatorio obter unha puntuación mínima en cada un destes para poder obter a nota da segunda parte como suma das cualificación dos distintos bloques. No caso de que algún bloque non estea calificado coa puntuación mínima, esta segunda parte da proba será calificada cun máximo de catro puntos. A



calificación mínima de cada bloque, de ser o caso, será a metade da calificación do devandito bloque.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

PRIMERA PARTE DA PROBA

CARACTERÍSTICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta parte poderá estar formada por un ou varios bloques. Estes bloques poderían ser: preguntas tipo test, preguntas curtas, recheo de ocios ou preguntas a desenvolver. O tempo máximo da primeira parte da proba será de 4 horas.

MATERIAL NECESARIO: bolígrafo azul (non se permitirá a utilización de outro material distinto ao aquí exposto).

SEGUNDA PARTE DA PROBA

CARACTERÍSTICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta parte poderá estar formada por un ou varios bloques. Estes bloques poderían consistir na realización de: exercicios de cálculo, probas de execución, probas orais, comentarios e análise de texto e/ou imaxes, O tempo máximo da segunda parte da proba será de 4 horas. Esta parte da proba poderá ser realizada fora das instalacións do centro.

MATERIAL NECESARIO: bolígrafo azul, calculadora científica, lápiz ou ceras de cores, regra. No caso de precisar programas informáticos ou equipos informáticos, estes serán facilitados polo centro.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Avaliarase o proceso de ensino, mediante a avaliación da práctica docente, e a programación, tendo en conta o establecido na LOMCE art 106 e no decreto 114/2010 polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, que no seu artigo 34.4 establece que *¿O equipo docente realizará o seguimento das programacións de cada módulo, con indicación do grao de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada¿.*

Así mesmo o artigo 48.2 establece que *Na avaliación da propia práctica docente terase en conta o seguimento a que se refire o artigo 34º.4 do presente decreto, e valorarase, entre outras, a programación, a organización e a concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo e ás necesidades do alumnado.*

A avaliación das programacións é responsabilidade dos profesores do departamento. Ao longo do curso, nas sucesivas reunións de departamento, procederase á revisión para acordar as modificacións. Estas modificacións incorporaranse as programacións ao remate do curso, onde se avaliará:

Adaptación do currículo á contorna

Os espazos e o horario

A orientación educativa e profesional

A avaliación da práctica docente realizarase tamén coas enquisas que lles serán entregadas ao alumnado. Os aspectos a avaliar da programación serán:



Selección, distribución e secuenciación dos contidos
Adecuación dos criterios de avaliación
Idoneidade dos métodos pedagóxicos e materiais didácticos
Idoniedade das actividades de ensino aprendizaxe.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o artigo 28 da Orden 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, ao comenzo das actividades do curso académico, realizarase unha sesión de avaliación inicial. A avaliación inicial permitirá coñecer todo o relacionado co alumnado, a actitude coa que se afronta ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir.

Para a súa aplicación empregaranse:

Cuestionario inicial. Os indicadores deste cuestionario son: datos persoais e familiares, nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia, expectativas sobre o módulo. Inclúense cuestións como actividades profesionais realizadas no sector e outras que se consideren relevantes.

Cuestionario de coñecementos previos. Baseado nos contidos do módulo e nos contidos do ciclo.

Ademais, reunido todo o profesorado do ciclo, levántarase acta de avaliación, co fin de proporcionar a información pertinente sobre a situación do grupo de alumnos/as que están a iniciar esta etapa do seu proceso formativo, e, de axustar, desde un principio, a actuación educativa ás necesidades do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Segundo o artigo 15 e 16 da Orden 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial o alumnado que precise actividades de reforzo por non responder globalmente aos obxectivos programados, estas actividades realizaranse segundo o estipule a profesora, incidindo nas necesidades propias de cada un dos alumnos/as individualmente.

Poderánse realizar: elaboración de pequenos cuestionarios, exercicios prácticos, pequenos traballos de búsqueda de información, de forma individualizada.

Axustes na metodoloxía, adaptando as axudas e recursos pedagóxicos ás necesidades dos alumnos.

Actividades diferenciadas, propoñendo, aos alumnos/as que presentan algunha dificultade para traballar certos contidos, actividades que lles permitan aproximarse a estes, ou ben actividades de ampliación na materia, para aqueles alumnos con maiores capacidades.

Materiais didácticos variados, que ofrezan un conxunto de actividades que aborden os contidos de distintas maneiras.

En todo caso, haberá unha coordinación co departamento de orientación, que tamén terá dado a súa visión de cal é o xeito de proceder e de facilitar ao alumnado a súa aprendizaxe.

En ningún caso estableceránse uns mínimos distintos aos que figuran nesta programación, por entender que o alumno/a deberá acadar os mínimos independentemente da forma de acadalos.

Ademais terase en conta a LOMCE que modifica a redacción de certos artigos da LOE, en concreto no artigo 1, nos seguintes termos: «b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que



actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de calquera tipo de discapacidade.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, aulas e material de traballo traballarase a través de diferentes actividades.

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obrairo, para este módulo podemos destacar:

Educación do consumidor.

Aprender a conservar e valorar na súa xusta medida os bens persoais, como é o caso dos instrumentos empregados no sector turístico.

Valorar os produtos de consumo co obxetividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.

Apreciar o desenvolvemento sostible mediante a reciclaxe de materiais, o deseño e consumo racional de obxectos...

Educación para a igualdade.

Estará sempre presente, xa que en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas. Interesarse por coñecer, respectar e valorar a opinión e produción dos compañeiros, independentemente do seu sexo e da súa aparencia, colaborar con tódalas persoas, independentemente do seu sexo ou condición e amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón do sexo.

Educación moral e cívica.

Manifestar actitudes propias sobre o sector turístico, visión crítica e actitude aberta a novas ideas, na resolución de problemas, interpretar o coñecemento do turismo técnico como unha ferramenta de traballo ao servizo da sociedade, e apreciar o noso patrimonio artístico e respetar as instalacións dos aloxamentos turísticos.

Educación para a paz.

Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc..... Apreciar a linguaxe da actividade turística como medio de expresión e comunicación entre comunidades diversas. Amosar unha actitude flexible e aberta ante as opinións dos demais no desenvolvemento do traballo en equipo no momento de resolver un problema, así como amosar comprensión das diferentes culturas dos clientes que recibirán cada vez máis neste novo escenario da globalización.

Educación ambiental.

É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde.

É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Interculturalidade.

Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter



teóricopráctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Debido á natureza dos ciclos realizaranse unha serie de actividades complementarias e extraescolares ao longo do curso nas aulas e fóra das aulas.

Estas actividades serán de obrigatorio cumprimento no caso de que se realicen en horario escolar. Ademais destas actividades aquí expostas poderanse realizar outras que xurdan ao longo do curso.

ACTIVIDADE 1: VISITA A OURENSE

Alumnado ao que vai dirixida: 2º de Giat e de Axencias de viaxes e xestión de eventos

Data de realización: 1er. trimestre

Breve descrición da actividade: Viaxe en tren ata a cidade de Ourense. Visita a cidade. Visita as termas da Chavasqueira ou similar. Regreso a Santiago en tren.

ACTIVIDADE 2: VISITA A DIVERSOS RECURSOS DA CIDADE: CATEDRAL, MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS, PATRIMONIO DA UNIVERSIDADE

Alumnado ao que vai dirixida: 1º de Giat e de Axencias de viaxes e xestión de eventos

Data de realización: 1º, 2º e terceiro trimestre

Breve descrición da actividade: Visita aos distintos recursos turísticos da cidade de Santiago de Compostela. Estas actividades realizaranse preferiblemente pola tarde en horario de clase.

ACTIVIDADE 3: VISITA AO PAZO DE CONGRESOS E HOTEIS DA CIDADE.

Alumnado ao que vai dirixida: 2º de Giat e de Axencias de viaxes e xestión de eventos

Data de realización: 1º trimestre

Breve descrición da actividade: Visita as instalacións do Pazo de Congresos de Santiago, así como a un hotel da cidade para o coñecemento do funcionamento do turismo de congresos de Santiago.

ACTIVIDADE 4: VISITA AO CIFP COMPOSTELA

Alumnado ao que vai dirixida: 2º de Giat e de Axencias de viaxes e xestión de eventos.

Data de realización: 1º trimestre

Breve descrición da actividade: Visita as instalacións do CIFP Compostela e asistencia a una charla práctica sobre protocolo na mesa. Comida no centro para por en práctica os aspectos mas sobresaíntes dos conceptos tratados.

ACTIVIDADE 5: VISITA A INCOLSA

Alumnado ao que vai dirixida: 2º de Giat e de Axencias de viaxes e xestión de eventos.

Data de realización: 2do. Trimestre.

Breve descrición da actividade: Charla por parte do persoal de INCOLSA do funcionamento do organismo. A actividade porase celebrar no Instituto ou en INCOLSA, polo que o alumnado poderá coñecer as instalacións.

ACTIVIDADE 6: CHARLAS A CARGO DE PROFESIONAIS DO TURISMO

Alumnado ao que vai dirixida: Todo o alumnado dos ciclos.

Data de realización: Ao longo do curso



Breve descripción da actividade: Diversas charlas de recoñecidos profesionais do sector

10.Outros apartados

10.1) sección bilingüe

Este módulo ten unha sección bilingüe no ciclo de Guía, información e asistencia turísticas, que se imparte en lingua inglesa, rexida pola Orde do 12 de maio de 2011, pola que se regulan as seccións bilingües en centro sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.

DOG do 20 de maio de 2011.

Este curso contamos cunha profesora de apoio en lingua inglesa, becada cunha beca Fulbright.

10.2) cuestionario de avaliación inicial. Sección bilingüe

PROBA DE AVALIACIÓN INICIAL CURSO 2017/2018

MÓDULO. DESTINOS TURÍSTICOS.

1. Sitúa no mapa de España as provincias de Extremadura, Castela a Mancha e País Vasco.
2. Sitúa no mapa de España as denominacións xeoturísticas da costa catalana e andaluza.
3. Sitúa no mapa de España os seguintes Parques Nacionais: Cabañeros, Garajonay, Caldera de Taburiente e Ordesa e Monte Perdido.
4. Sitúa no mapa de España cinco cidades Patrimonio da Humanidade.
5. Sitúa no mapa de España dous cabos e dous golfos. (non galegos)
6. Nomea tres illas españolas, aparte do arquipélago Canario, do Balear e todas as galegas.
7. Nomea tres estacións de esquí españolas, aparte da galega. Di onde están situadas xeograficamente.
8. Sitúa no mapa de Galicia tres xeodestinos.
9. Nomea 10 recursos turísticos de Galicia e di onde están situados xeograficamente.
10. Cales son as illas que pertencen ao Parque Nacional Illas Atlánticas?
11. Nomea tres Parques Naturais de Galicia.
12. Nomea, en orde, cinco rías de Galicia.
13. Conta brevemente una lenda de Galicia que non teña nada que ver co Apóstolo Santiago.
14. A que país de Europa irías facer turismo de saúde? Pon exemplos de cidades e/ou recursos.
15. A que país de Europa irías facer turismo relixioso? Pon exemplos de cidades e/ou recursos.
16. A que país de Europa irías facer turismo cultural? Pon exemplos de cidades e/ou recursos
17. A que país de Europa irías facer turismo literario? ? Pon exemplos de cidades e/ou recursos e/ou escritores/as.
18. A que país de Europa irías facer turismo rural? ? Pon exemplos de poboacións e/ou recursos.
19. A que país de Europa irías facer turismo gastronómico? Pon exemplos de cidades e/ou platos típicos.
20. A que país de Europa irías facer turismo enolóxico? ? Pon exemplos de cidades e/ou recursos.
21. Sitúa no mapamundi tres ríos de cada continete, agás en Oceanía e España
22. Sitúa no mapamundi tres cabos e tres golfos, agás en España.
23. Sitúa no mapamundi tres desertos, agás en España.
24. Sitúa no mapamundi tres grandes lagos, agás en España.
25. Sitúa no mapamundi, Filipinas, Xamaica, Ecuador, Siria, Singapur, Nova Zelanda, as penínsulas do Yucatán, de Florida, de Corea, e de Alaska; Manhattan, Río de Janeiro, Cidade do Cabo



10.3) cuestionario de avaliaicón inicial

DEPARTAMENTO DE HOSTELERÍA Y TURISMO

CURSO ACADÉMICO: 2017/18.

I.E.S. PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO

CICLO SUPERIOR: 1º AGENCIAS DE VIAJES Y GESTIÓN DE EVENTOS (AA.VV.)

MÓDULO PROFESIONAL :DESTINOS TURÍSTICOS(DT).

PROFESORA: MARTA NOVO IGLESIAS

CUESTIONARIO DE EVALUACIÓN INICIAL DE CONOCIMIENTOS PREVIOS:

ALUMNA/O:

A/ Indique en qué lugar (mar, país, continente) se localizan los siguientes accidentes geográficos:

1. Islas Seychelles
2. Río Nilo
3. Volcán del Kilimanjaro
4. Lago Victoria
5. Montañas Rocosas
6. Mar Caribe
7. Cordillera de los Andes
8. Río Orinoco
9. Patagonia
10. Mar Negro
11. Cordillera del Cáucaso
12. Península Indostán
13. Meseta del Tíbet
14. Golfo de Omán
15. Cordillera del Himalaya
16. Río Mekong
17. Río Indo
18. Río Éufrates
19. Selva de Bohemia
20. Mar Jónico
21. Golfo de Venecia
22. Mar del Coral

B/ Indique en qué continente se ubican los siguientes países:

1. Marruecos
2. Túnez
3. Egipto



4. Kenia
5. Tanzania
6. Senegal
7. Canadá
8. Estados Unidos
9. México
10. Cuba
11. Jamaica
12. Perú
13. Argentina
14. Brasil
15. China
16. India
17. Israel
18. Japón
19. Jordania
20. Tailandia
21. Vietnam
22. Australia

C/ Indique las capitales de los países anteriormente citados. Escríbalas al lado.

D/ Indique en qué costa se localizan las siguientes playas:

1. A Lanzada
2. Villaviciosa
3. Zarautz
4. Tossa de Mar
5. Calella
6. Castelldefels
7. Sitges
8. Salou
9. Noja
10. I Peñíscola
11. Gandía Playa
12. Benidorm
13. Puerto de Mazarrón
14. Roquetas del Mar
15. Almuñecar
16. Torremolinos
17. Zahara de Los Atunes
18. Isla Canela
19. Magaluf
20. Platja de Santa Eulalia
21. Ciutdella
22. Los Cristianos



23. Playa del Inglés

24. Costa Teguise

E/ ¿Qué entiende por destino de Sol y Playa?.

F/ ¿Qué entiende por destino cultural?.

G/ ¿Qué entiende por destino religioso?.

H/ ¿Qué entiende por destino de compras?.

I/ ¿Qué entiende por necroturismo?.

10.4) Referencia á memoria de final de curso 2016-2017

Tal e como se reflicte na memoria de final de módulo do curso 2016-2017, no se considerou oportuno facer modificación substancial algunha na programación.

Na Memoria de final de módulo 2016/17, recollo no punto 1. Modificación da programación, as activades de ensino aprendizaxe do ciclo de Axencias de Viaxes realizaróñse as programadas máis outras a maiores porque parecíanme necesarias para asentar os contidos de destinos



internacionais. Foron tarefas de grupo nun traballo cooperativo, despois das exposicións e dos correspondentes análisis, recollin todos os power-point en unha carpeta e di dita carpeta a todos os grupos, de xeito que todos tuveran todos os traballos de todos. O resultado foi moi positivo.

As tarefas foron as seguinte:

Busqueda nas axencias de viaxes de folletos sobre destinos en Europa, Asia, África, América e Oceanía (un grupo por cada continente) e situar nos mapas todos os lugares, tanto físicos como políticos, que aparecían nos folletos. Presentar un power-point señalando eses lugares nos mapas. Identificación dos diversos tipos de destinos turísticos que ofrece cada país e facer un listaxe dos recursos que lo conforman. Presentar un power-point cos recursos máis significativos de dito destino.